

No Arrabalde Alto,  
algúns dos que sabían da  
súa afección incurábel pola  
canción melódica, tiñan ten-  
tado poñerlle o alcume de  
O Boedo. O seu nome, en  
realidade, era Tucho Orxei-  
ra, Antón Orxeira, natural  
de alá de contra a par-  
te de Cesuras e de fami-  
lia desaparecida. Xa había  
uns anos que  
arribara dende  
aquela comarca  
e andara por aí metido en  
ambientes de marxinalidade  
e entre okupas de ruínas  
de construcións nos ac-  
cesos da autopista, máis  
sen perder en ningún intre a  
súa querenza e gusto pola  
dedicación musical. Última-

6

## O Sinatra Salvador García Bodaño

Contos de Agardar







Salvador García-Bodaño Zunzunegui  
(Teis, Vigo, 1935)

Poeta, narrador, ensaísta, crítico de arte e articulista en diversas publicacións. É membro numerario da Real Academia Galega (1992). Obra: Poesía, *Ao pé de cada hora*, *Tempo de Compostela*, textos poéticos a *37 debuxos para un país*, de F. Criado, *Compostela*, *Obra Poética*, *Pegadas no alcatrán*, *Cidade Virtual*, *Cantos de ausencia*. *Elexías 1959-2002*.

Prosa: *Os misterios de Monsieur D'Allier*, *De onte a hoxe*. *Ensaíos xornalísticos*, os contos *A pedra*, *Conto de Reis*, o estudo *Rafael Dieste* (RAG), e varias traducións, entre elas *Viaxe por Galicia* recollida de *The Bible in Spain*, de George Borrow. Participou en libros colectivos e de homenaxes.

© do texto: Salvador García-Bodaño Zunzunegui

© da edición:



Asociación de Funcionarios  
para a Normalización Lingüística

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Consello Editor: Xosé Xoán Barreiro Prado

Paz Filgueira Paz  
Luís M. García Mañá  
Xosé González Martínez  
Xoaquín Monteagudo Romero  
Benito Montero Prego  
Carme Pérez Vaquero  
Xosé M. Rodríguez—Abella  
Carlos Varela García

Coordinación: Xosé González Martínez

Carme Pérez Vaquero

Corrección de edición: Fran Zabaleta

Fotografía e deseño da colección: Pío García

Imprime: Litoror

Depósito legal: C 2186—2007

Edita: Pío García Edicións



*A función da Policía nun Estado de dereito é, xunto coa tradicional de garantir a seguridade pública, defender a legalidade democrática e os dereitos dos cidadáns, e os seus principios de actuación son os de servizo permanente á comunidade, máxima consideración á dignidade das persoas e evitación de calquera discriminación.*

*A Policía asume o feito de que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen ao galego a condición de idioma oficial do país e a circunstancia de que é a fala utilizada a cotío pola maioría dos cidadáns.*

*A lingua galega é un instrumento de comunicación pero tamén é un mecanismo de integración social e política de primeira orde, un medio de expresión colectivo moi relevante para a identificación política e social da comunidade que a fala. Velaí que o Estado no seu conxunto, e dentro del a Policía, incorporen o galego como a súa lingua propia a nivel interno e nas relacións coas persoas.*

*Os cidadáns poden, xa que logo, dirixirse en galego aos policías, con toda naturalidade, de forma oral e por escrito. E tamén teñen todo o dereito do mundo a que os policías os atendan nesa lingua.*

*Neste intento por estender o uso da lingua galega aos procedementos administrativos poli-*

*ciais é importante a participación dos funcionarios e funcionarias, garantindo os dereitos lingüísticos e facilitando os medios para o seu cumprimento.*

*Velai a intención desta campaña de normalización lingüística: abrir novos espazos institucionais á comunicación, oral e escrita en lingua galega. Entendemos que os corpos de seguridade deben prestaren os seus servizos na lingua maioritaria de Galicia —que é o galego— e os cidadáns demandalos sen ningún complexo cultural.*

*A colección de relatos do que forma parte este que o lector ten na súa man é unha manifestación do compromiso que a Policía asume na promoción e defensa do idioma galego.*

**Xoaquín Monteagudo Romero**

Presidente da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.







**6**

**O Sinatra**

**Salvador García Bodaño**



*Contos de Agardar*  
*O Sinatra*

No Arrabalde Alto, algúns dos que sabían da súa afección incurábel pola canción melódica, tiñan tentado poñerlle o alcume de o Boedo. O seu nome, en realidade, era Tucho Orxeira, Antón Orxeira, natural de alá de contra a parte de Cesuras e de familia desaparecida. Xa había uns anos que arribara dende aquela comarca e andara por aí metido en ambientes de marxinalidade e entre okupas de ruínas de construcións nos accesos da autopista, máis sen perder en ningún intre a súa querenza e gusto pola dedicación musical. Ultimamente, a raíz de ser fichado na comaría pola súa ligazón cos okupas, constaba domiciliado xa nunha rúa do Arrabalde Alto, nunha especie de curruncho no baixo da casa de Meli, o seu amor ocasional.

11

O do Boedo non lle satisfacía nada. Se xurdía alguén que lle viña coa foda esa do Boedo, de Tucho o Boedo, púñase tan descontrolado que era quen de

Ile ir bater e esnaquizarlle a cara a quen fora. En cambio, o que si lle gustaba, o que de verdade lle enchía o fondo do seu corazón, foi a partir do momento no que comezaron a se referiren a el chamándolle o Sinatra. Daquela deu en sentirse ilusionadamente valorado, protagonista dunha situación estelar. El mesmo tiña inducido a este cambio cuns pósteres feitos a man nos que se anunciaba como vocalista, destacando o ousado pseudónimo debaixo de Tucho Orxeira, cunha composición gráfica en degraus: Tucho Orxeira/(O Sinatra)/Vocalista. Sentíase un gran protagonista. Os primeiros pasquíns apareceron pegados nas vallas dalgunhas obras e polos bares dos arredores.

12

Diante dun falso micrófono dos de pé, réplica dos usados en Hollywood na primeira metade do século pasado, atopado por unha amiga entre os obxectos deteriorados dos contedores de lixo duns grandes almacéns, adoitaba montar as súas interpretacións. Actuaba case todos os días, entre as once e as dúas e entre as seis e as nove, nos recantos das rúas de maior tránsito, ou abeirado da choiva nalgúns soportais amplos, onde a xente se puidese parar para escoitalo. Porque hai que recoñecer que tiña certas calidades e unha

*Contos de Agardar*  
O Sinatra

voz e unha imaxe que non resultaban desagradábeis. Así, unhas veces con mellor fortuna e outras non tanto, ía apañándose para sacar para a mantenza cotiá e as necesidades elementais.

A vida do Sinatra había dar en complicarse ao decidir organizar un miniconxunto, el e dous colegas máis como acompañamento musical, para poder actuar tamén en feiras rurais importantes, nalgúns festas familiares e de asociacións cidadáns que os chamasen. Aínda que de vagar conseguían ir dándose a coñecer. Mercara e documentara ao seu nome unha furgoneta ampla, de segunda man, para os desprazamentos e para a carga do modestísimo material instrumental e escenográfico, tamén como lugar no que pasar as noites nas viaxes nocturnas. Non desperdiciou tampouco algún transporte de mercadorías que lle encargaban. Programaron e ensaiaron o que lles pareceu un repertorio aceptábel, prepararon itinerarios e estableceron calendarios feirais e festeiros, estudaron as zonas nas que se concentraban veraneantes de alto *standing*, a posibilidade de intervir nalgunha informal *soirée* privada nalgunha finca, etc. Pouco e pouco, foron poñendo en práctica estes proxectos e alternaban as

actuacións digamos que contratadas previamente con aquelas outras que cabe considerar como actuacións ventureiras. Nestes trafegos e nestas idas e vindas, foi transcorrendo un tempo que deixou claro que, ao non pasaren á categoría dos profesionais, os seus ingresos non excedían dun baixo e irregular nivel de supervivencia. Doutra banda, as relacións de marxinalidade que mantiña o Sinatra, alí no Arrabalde Alto, non lle deixaban moita posibilidade de evadirse da atmosfera de lumpen que o arrodeaba. É mais, como consecuencia desa situación habería producirse axiña a posta en marcha dunha nova idea de traballo na que encaixar futuras e arriscadas actividades.

14

Unha xeada noite de febreiro, nun curruncho do fondo do bar da Delia, logo de varias copas de coñac, o Sinatra comentoulle a un amigo que tal como lle ían cousas o negocio apenas lle daba rendemento e non sabía ben que ía facer. Despois seguiron a falar doutras cousas, e, por fin, xa no intre en que o amigo se erguera para marcharse cunha compañeira, achegóuselle a o Sinatra e díxolle:

—Oye, tronco, mañana, si te va bien, a eso de las doce nos vemos en los Xardíns da Fonte do Paseo.

Me gustaría hablar contigo de algo que puede ser fetén para los dos. ¿Vale? Chao.

—Veña, tío. Vémonos.

Non levaría un cuarto de hora sentado nun banco dos xardíns e xa veu chegarse cara a el ao Dátiles, a Manu o Dátiles, como o coñecían todos por alí dende que, había un ano escasamente, chegara de Madrid. Era un tipo astuto, de mediana estatura, áxil de movementos, agudo observador, limpo e ben vestido, cunha cazadora na man, como cómpre aos bos carteiristas de oficio. E nese aspecto o Dátiles era un experto de gran clase, que aprendera na vella escola madrileña de mestres como ‘El manco pistola’ ou ‘El chico de la Marcela’. Igual que outros do seu fino estilo profesional, deu en abandonar os corredores e as entradas dos vagóns do Metro coa chegada de latinoamericanos e de inmigrantes do Leste, estes últimos xente chapuceira e violenta. Daquela, decidira virse a unha cidade costeira galega para estudar o terreo e poñerse a probar sorte.

Xa sentado no banco, pasados uns iniciais arrodeos, ao cabo foi levando a conversa cara ao punto que consideraba de maior importancia para os dous. En

poucas palabras: tratábase de facer unha asociación permanente de actuación en común acordo e repartir as ganancias. O Sinatra escoitábao con atención, pero aínda non lograba entender de que tipo de actividade e de que compromiso se estaba a falar. Nun principio pensou que se refería a unha ampliación do conxunto e que o Dátiles se interesaba pola interpretación musical, se ben nunca lle sentira dicir nada relacionado coa música nin lle vira o menor interese. Deixouno seguir, sen interrompelo, e na medida na que o outro avanzaba nas explicacións foi ficando abraiado e hai que afirmar que tamén bastante confuso.

16

Manu estáballe a propoñer que traballasen xuntos. Mais que o fixesen nunha sociedade na que cada un realizase a súa diferente actividade dun xeito coordinado. É dicir, que Manu e mais unha colega compartirían e utilizarían as viaxes da furgoneta para desprazárense e traballar de carteiristas nas distintas festas de poboacións e feiras importantes ás que acudise o miniconxunto musical do Sinatra, conforme ao programa fixado ou coas modificacións que acordasen sobre a marcha. A furgoneta daríalles unha gran mobilidade e, ademais, valeríalles de acubillo e de centro



*Contos de Agardar*  
*O Sinatra*

de operacións. Cada noite repartirían a medias o que se fose sacando en limpo e no intre no que non estivesen de acordo rompíase o trato e fóra.

Non acababa o Sinatra de ver o asunto coa naturalidade con que llo explicaba o Dátiles. Tiña medo de verse complicado en algo gordo e que todo rematase entre reixas. ¡Pero é que llo estaba a poñer tan doado...! E por riba inspiráballe tranquilidade ao lle dicir que el sabía ben como funcionaban nese terreo as leis, e que a gran maioría deses furtos, sempre que fosen sen violencia e con subtraccións inferiores aos 400 euros, non pasan de ser considerados como faltas. Moitas veces nin ían ao xuíz, non pasaban da comisaría, e de teren que ir era mellor pagar a multa que perder unha mañá no xulgado en lugar de aproveitala para traballar no ‘negocio’.

17

Manu, que ou ben non se puxera aínda ao día nas últimas disposicións legais ou quixo mellor calalo, non lle dixo nin palabra de que as cousas se agravaran coa entrada en vigor, en outubro do 2003, da reforma da Lei de Axuizamento Criminal en materia de Prisión Provisional para os habituais e os reincidentes da delincuencia menor. Non lle dixo que a nova lexis-

lación pretende rematar, precisamente, con esa delincuencia menor, sendo de aplicación en casos de roubo, tiróns ou furtos de carteiristas detidos veces e veces, pero que nunca ingresaban en prisión por non superar o listón da pena requirida. Agora, quen cometa catro faltas será considerado responsábel dun delito. Hai que ter en conta, ademais, a posta en práctica dos xuízos rápidos e que a habitualidade e a pertenza a grupo ou banda organizada para a realización de delitos, aínda que sexan de menor gravidade, supoñerán o inmediato ingreso no cárcere. E este, probabelmente, podería ser no futuro o seu caso. Sen embargo, mentres que calaba todas estas novidades penais, para engaiolar máis ao Sinatra asegúroulle que, traballando nas condicións que lle permitiría a sociedade que acordasen, entre el e máis a súa colega poderían chegar a obter unha media mensual duns 6.000 euros, só ‘ganando’ carteiras, sen contar con todo o referente aos descoidos.

O Sinatra estaba abraiado e acurrulado alí naquel banco ante tan firme determinación de levar adiante o proxecto e, sobe todo, por tan ilusionada visión do futuro. Non sabía que responder. Alá, no interior do seu cerebro, botou contas como puido e decidiu que medio

quilo das pesetas de antes ao mes non lle viña nada mal para manter o conxunto musical sen as actuais estreituras. En realidade, asociados ou non, eles tiñan que andar a ir e vir o mesmo, dun sitio para outro, para iren arranxando a vida. Ao cabo, contestoulle afirmativamente. Quedaron en que había que preparalo todo e que o vindeiro fin de semana se poñerían en marcha. Coa teatral gravidade dos vellos paisanos déronse a man e o trato estaba feito.

Nos días seguintes, mercaron dous sacos máis de durmir e limparon e acomodaron o interior da furgoneta, procuraron algunhas provisións de fácil conservación para levar como reserva. Contra un lateral do chasis, prepararon perchas e penduraron delas uns porta-traxes con boa roupa e unhas caixas de calzado para o ‘traballo’. Ao teren todo listo, saíron un venres de mediados de agosto cara ás Rías Baixas, onde tiñan apalabradas unhas actuacións en diversas asociacións particulares de distintos lugares. De paso, fixéranse como obxectivo írense aproximando taticamente ás grandes festas patronais do San Roque (en Vilagarcía de Arousa), da Peregrina (en Pontevedra) e doutras zonas de gran concentración de veraneantes, naquel

entorno xeográfico, como poden ser Sanxenxo, Portonovo, O Grove, A Toxa...

Logo dunhas xornadas de rodaxe, tanto os do miniconxunto musical como o dúo das carteiras foron normalizando as súas actividades. Estes dous últimos con proveitosos beneficios na medida que se ían poñendo ao corrente dos costumes cidadáns e dos lugares máis axeitados para a comisión da súa ocupación delictuosa, na que estaban a incluír a práctica do descoido en restaurantes ou bares de copas e nos locais nocturnos, tamén nas concorridas terrazas das cafeterías das praias; nestas áreas desaparecían bolsos, máquinas de fotos, carteiras e toda caste de obxectos persoais valiosos que se atopasen pouco vixiados polos seus propietarios. O xeito de actuar dos descoideiros e os sitios que escollen fan que as vítimas se dean de conta xa pasado algún tempo e o delinciente teña podido desaparecer do escenario sen que ninguén reparase na súa presenza.

Tania, a compañeira do Dátiles, era unha moza miúda, guapa, morena e ben feita, pero sen chamar a atención. Para a faena usaba unha perruca loura e un vestiario calculado para se cambiar de imaxe con

rapidez, consistente nun suéter reversíbel (negro/verde), con saia beixe (estampada en cores verdes polo revés), zapatos color coiro, de medio tacón, estábeis e cómodos; na man levaba un bolso de verán, aberto e fondo, de loneta tamén color beixe. Cando o Dátiles observaba que non lle sería posíbel traballar só, entón pedíalle a Tania que fixera o papel de cómplice a quen lle pasar, con toda lixeireza, a carteira que acababa de subtraer para que desaparecese con ela discretamente. Se o Dátiles había permanecer desocupado, por non ser un bo momento do día ou non se daren as condicións de aglomeración de xente en lugares axeitados, por exemplo no acceso aos estadios de fútbol, corridas de touros, na entrada e saída de restaurantes moi frecuentados e mesmo nalgún gran supermercado ou espectáculo público, entón Tania dedicaba intensivamente o seu tempo a facer de descoideira.

Aqueles días de agosto no litoral da ría pontevedresa estábanlles a resultar magníficos en todos os aspectos. Manu dicía que era estar nun paraíso. Non tiveran ningún tipo de problemas, aínda que na prensa aparecía algunha nota acusando a presenza de carteiristas durante as festas. A policía tiña máis ou menos

controlados aos cacos de sempre, pero a súa intervención era máis difícil, por non cualificar case de imposible, se viña algún carteirista de fóra, tendo en conta que, na inmensa maioría dos casos, é infrecuente que coas denuncias se poidan aportar datos de identificación persoal do autor ou autores do delito. Polo regular, os turistas e os estranxeiros non acostuman a dar parte nas comisarias porque non dispoñen de tempo para o caso de teren que asistir a un xuízo. Cómpre subliñar, ademais, a prudencia de Manu e de Tania no seu comportamento, sobre de todo se os poñemos en comparación coa certa inconsciencia e irreflexión do Sinatra, coa súa tendencia á bohemia temeraria aprendida na marxinalidade.

22

Unha das felices noites nas que, xa pola madrugada, deixaran a festa e os últimos rescaldos da verbena da Alameda, as voltas da vida habían poñer un punto final a aquela ditosa etapa. Ao baixaren cara onde estivera a Moureira Baixa e As Corbaceiras, por entre as ruelas que abeiran a Praza de Touros, para se recolleren na furgoneta aparcada naqueles arredores, nun recanto escuro percibiron a unha persoa tirada no chan. Achegáronse por ver de se precisaba axuda e,

*Contos de Agardar*  
*O Sinatra*

á luz da lanterna, decatáronse de que estaba morto, fora apuñalado varias veces. Tiña aspecto de ser un sudaca, con roupa cara, de marca, e ben coidado. Non parecía que fose por cousa de atraco, xa que tiña na man uns grosos aneis de ouro, e a través da cazadora de ante daba a impresión de lle avultar no peto interior unha carteira.

Manu díxolle a todos que había que liscar esco-peteados, que non tocaran cousa, que era perigosísimo seguir alí nin un segundo máis. E se perdeu, con Tania e os dous do conxunto, tras da primeira esquina da rúa. O Sinatra non puido evitar de botar man, rápido como a denociña, da repleta carteira. Unha billeiteira magnífica, moi do seu gusto. Deixou gardados nela os cartos, que lle pareceron moitos, e sacou e tirou o carné de identidade, o de conducir, as tarxetas de creto, e os papeis que había dentro. Meteuna no seu peto, e saíu a bulir detrás dos outros. Ninguén se deu de conta e a ninguén lle dixo nada de nada.

23

Na furgoneta nin se deitaron. Acordaron que sería mellor marchar en dirección a zona de Betanzos, porque, tan axiña como se descubrixe o cadáver, aquela parte da cidade sería explorada con minuciosidade.

E así o fixeron. Ao mediodía, a noticia andaba xa nos medios de comunicación, tanto na radio como na televisión. A vítima, segundo informe dos inspectores destacados en Pontevedra, seica era un coñecido narcotraficante do Salnés e o motivo do crime non se descartaba que fose un axuste de contas entre bandas, se ben en canto ao *modus operandi* parecía darse unha certa confusión que estaba en fase de investigación.

Á policía o que máis lle chamou a atención, o que non lle encaixaba nas liñas habituais de condutas criminais, era o feito de teren espallado por arredor da vítima os carnés e as tarxetas bancarias e os demais papeis, así como que conservase os rechamantes aneis de ouro e non a carteira. Nunha primeira observación da escena do asasinato xa ficaron de acordo en manter dúas hipóteses de indagación: a do axuste de contas e a dun estraño roubo. En calquera caso, consideraron prioritario o envío ao laboratorio da policía científica de Madrid do material probatorio recollido para identificar as pegadas dixitais que alí apareceran.

Cando andaba a mediar setembro, xa practicamente desaparecera toda a actividade do veraneo e as grandes festas e feiras comezaban a ser conta-



das. Así é que o grupo fora desartellándose pouco e pouco, e unicamente facían determinados traballos nalgũa ocasión. O Sinatra volveu parar con regularidade no baixo da Meli e seguiu co miniconxunto e a facer transportes de mercadorías coa furgoneta. Os días transcorrían nun período de calma, e mesmo de monotonía, que semellaban acentuárense en contraste coa movida do verán.

Unha mañá, no medio daquel sosego outonizo, o Sinatra, ao saír da casa, tivo a vaga sensación de que alguén o seguía. Sen embargo, non deu visto a ninguén. A impresión de ser observado habíasele repetir en distintos sitios e a distintas horas. No día seguinte, conforme ía baixando pola rúa cara á parada do bus, escoitou de par del unha forte freada e ollou como se abrían as portas dun coche policial e como dous inspectores se lle dirixían amosando as placas:

- ¿É vostede Antón Orxeira?
- Sí. O Sinatra. Vocalista.
- ¡Acompáñenos e déixese de caralladas!

O trebón de preguntas e de imputacións que se lle veu enriba alí na comisaría deixárono case inmóbil e abraiado na cadeira de metal onde o sentaron.

Nun principio, dixo que non sabía de que lle estaban a falar. Logo, saíron a relucir as súas pegadas dixitais no DNI e na documentación do home asasinado en Pontevedra. Os inspectores preguntáronlle que facía aquela noite no barrio da Moureira pontevedrés e que con quen estaba, quen eran os seus cómplices, porque as puñaladas foran asestadas por dúas persoas. ¡Vai ser vostede acusado do asasinato do colombiano Néstor Montaña!

Os inspectores de Pontevedra, seguindo a hipótese do axuste de contas, xa descubriran aos autores, porque quixeran levar a cabo outro crime do mesmo tipo en Ribadumia e foron descubertos e confesaron. Con todo, agora no interrogatorio, tentaron aterrorar ao vocalista ameazándoo coa autoría do crime para ver que máis ocorrera aquela noite.

O Sinatra veuse que estaba collido sen remedio. O corazón saíaselle do peito. Estaba perdido. Sentiu un quentor líquido por entre as pernas e salaiou. Nas súas elementais entendedeiras deuse de conta de que tiña que confesalo todo. Valíalle máis ir á cadea por pertencer a unha banda organizada para a realización de delitos menores, que non verse convertido nun

Contos de Agardar  
O Sinatra

asasino.

Coa ironía que este lamentábel caso suscita, hai que dicir que Antón Orxeira, agora alias o Sinatra, fixo diante dos inspectores unha das súas mellores e máis longas interpretacións como cantautor. Sen dúbida, a que lle proporcionou un maior protagonismo.



## DEREITOS LINGÜÍSTICOS

**Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega oralmente e por escrito nas súas relacións cos cidadáns.**

(Artigo 8.3. da Lei 1983, de Normalización Lingüística de Galicia)

**Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.**

(Artigo 10 da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística de Galicia)

**Os escritos redactados na lingua oficial dunha comunidade Autónoma que dirixan á Administración Militar particulares, Corporacións públicas ou institucións de autogoberno pertencentes a aquela, terán plena validez e eficacia.**

(Artigo 2 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar).

**No caso das relacións verbais entre particulares e centros ou dependencias da Administración Militar con sede nunha Comunidade Autónoma con lingua propia, os primeiros serán atendidos a súa elección en castelán ou na lingua da Comunidade.**

(Artigo 4 da Orde 35/1987, pola que se regula o uso das linguas oficiais das Comunidades Autónomas na Administración Militar)

**No ámbito territorial das Comunidades Autónomas con Estatuto que establezan a cooficialidade lingüística, os peticionarios terán dereito a lles formular as súas peticións á Administración Xeral do Estado ou ós organismos públicos vinculados ou dependentes dela en calquera das linguas oficiais e a obter en resposta na lingua da súa elección.**

(Artigo 5 da Lei Orgánica 4/2001, reguladora do dereito de petición)

**Os detidos dispoñen do pleno dereito ao uso das linguas cooficiais perante os poderes públicos radicados na Comunidade Autónoma, sexan estes estatais ou mesmo rexionais”**

(Sentenza do Tribunal Constitucional do 21 de xaneiro de 1987)





*Contos de agardar*  
é unha colección que pretende achegar ao lector  
unha escolma de autores de relato galego,  
dentro da campaña de normalización lingüística  
“En galego, con toda seguridade”.  
Con ela pretendemos promover o uso do idioma galego  
nas relacións dos  
corpos e forzas de seguridade coa cidadanía



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Asociación de Funcionarios  
para a Normalización Lingüística



Dirección Xeral da  
Policía Nacional  
e Garda Civil



Dirección Xeral da  
Policía Nacional  
e Garda Civil



Consellería de Presidencia  
Policía Autónoma